

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CMIMA03	Mantemento electromecánico	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0951	Electricidade e automatismos eléctricos	2023/2024	9	240	288
MP0951_13	Electrotecnia e medidas eléctricas	2023/2024	9	40	48
MP0951_23	Proteccións eléctricas	2023/2024	9	30	36
MP0951_33	Mecanizado e montaxe de cadros eléctricos baseados en tecnoloxía con cables	2023/2024	9	170	204

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ MARÍA SAÍZ MATA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ámbito produtivo está constituído por pequenas empresas, maioritariamente privadas, dedicadas a montaxe e mantemento ou instalación de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Mecánico/a de mantemento.
- Montador/ora industrial.
- Montador/ora de equipamentos eléctricos.
- Montador/ora de equipamentos electrónicos.
- Mantedor/ora de liña automatizada.
- Montador/ora de bens de equipamento.
- Montador/ora de automatismos pneumáticos e hidráulicos.
- Instalador/ora electricista industrial.
- Electricista de mantemento e reparación de equipamentos de control, medida e precisión.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Corrente continua.	Cálculos e medidas en circuitos de c.c.	20	20
2	Condensadores.	Funcionamento e asociación de condensadores.	6	5
3	Corrente alterna.	Cálculos e medidas en circuitos de c.a.	12	15
4	Corrente alterna trifásica.	Cálculos e medidas en circuitos de c.a. trifásica.	10	10
5	Seguridade e proteccións nas instalacións eléctricas.	Efectos da electricidade e proteccións a empregar.	36	10
6	Automatismos eléctricos e montaxe de cadros.	Automatización industrial e cadros eléctricos.	140	30
7	Mecanizado de cadros eléctricos.	Materiais e medios técnicos para o mecanizado de cadros.	64	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Corrente continua.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mide parámetros de magnitudes eléctricas en circuitos eléctricos de corrente continua, comparándoos cos cálculos efectuados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características de condutores, illantes e semicondutores, diferenciando o seu comportamento.
CA1.2 Identifícanse as principais magnitudes eléctricas (tensión, intensidade, resistencia e potencia) e utilízanse correctamente as súas unidades.
CA1.3 Resolvéronse problemas sobre a lei de Ohm e comprobouse de xeito práctico os seus resultados.
CA1.4 Realizáronse cálculos de potencia e enerxía.
CA1.5 Comprobáronse de maneira práctica os resultados a partir dos cálculos.
CA1.6 Realizáronse e interpretáronse esquemas de circuitos eléctricos, utilizando simboloxía normalizada.
CA1.7 Realizáronse cálculos de agrupacións serie, paralelo e mixtas de resistencias.
CA1.10 Identifícanse as características e as formas de conexión de aparellos de medida de tensión, intensidade, resistencia e potencia.
CA1.11 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, resistencia e potencia, consonte as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Illantes, condutores e semicondutores.
Normas de seguridade eléctrica aplicadas ao manexo dos equipamentos de medida.
Circuíto eléctrico. Resistencia eléctrica: características.
Lei de Ohm en corrente continua.
Asociación de resistencias serie-paralelo. Montaxes mixtas: cálculos.
Potencia e enerxía: cálculos.
Medidas de tensión, intensidade, resistencia e potencia en corrente continua.
Aparellos e técnicas de medida.
Simboloxía aplicada aos circuitos de corrente continua.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Condensadores.	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mide parámetros de magnitudes eléctricas en circuitos eléctricos de corrente continua, comparándoos cos cálculos efectuados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Recoñecéronse as propiedades e as funcións dos condensadores.
CA1.9 Realizáronse cálculos de agrupacións de condensadores.

4.2.e) Contidos

Contidos
Condensadores.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Corrente alterna.	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Mide parámetros de magnitudes eléctricas en circuitos eléctricos de corrente alterna monofásica, comparándoas cos cálculos efectuados, e describe os aspectos diferenciais coa corrente continua.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as características dun sinal sinusoidal.
CA2.2 Recoñécense os valores característicos da corrente alterna.
CA2.3 Verifícanse as relacións entre tensión, intensidade e potencia en circuitos serie RLC.
CA2.4 Calculouse o factor de potencia de circuitos de corrente alterna.
CA2.5 Relacionouse o factor de potencia co consumo de enerxía eléctrica.
CA2.6 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e factor de potencia.
CA2.7 Identificouse como corrixir o factor de potencia dunha instalación.
CA2.8 Realizáronse cálculos de caídas de tensión en liñas monofásicas de corrente alterna.

4.3.e) Contidos

Contidos
Corrente alterna monofásica.
Caída de tensión en liñas monofásicas de corrente alterna. Definición e realización de cálculos.
Valores característicos da corrente alterna.
Comportamento dos receptores elementais (resistencia, bobina pura e condensador) en corrente alterna monofásica.
Circuitos RLC serie en corrente alterna monofásica. Relación de fase entre tensións e correntes.
Potencia activa, reactiva e aparente, e factor de potencia en corrente alterna monofásica.
Cálculo do factor de potencia.
Medidas de tensión, intensidade, potencia, frecuencia e factor de potencia en circuitos de corrente alterna monofásicos.
Aparellos e técnicas de medida.
Corrección do factor de potencia.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Corrente alterna trifásica.	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mide parámetros de magnitudes eléctricas nun sistema trifásico, comparándoas cos cálculos efectuados.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os sistemas de xeración e distribución a tres ou catro fíos.
CA3.2 Identifícanse as formas de conexión dos receptores trifásicos.
CA3.3 Recoñeceuse a diferenza entre receptores equilibrados e desequilibrados.
CA3.4 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e enerxía, segundo o tipo de sistema trifásico e o tipo de carga.
CA3.5 Realizáronse cálculos de mellora do factor de potencia en instalacións trifásicas.
CA3.6 Realizáronse cálculos de caídas de tensión en liñas trifásicas de corrente alterna.

4.4.e) Contidos

Contidos
Circuíto eléctrico trifásico.
Conexión de xeradores e de receptores trifásicos.
Receptores equilibrados e desequilibrados.
Potencia activa, reactiva, aparente e factor de potencia en sistemas trifásicos.
Medidas de tensións, intensidades, potencias, frecuencia, factor de potencia e enerxías en sistemas trifásicos.
Aparellos e técnicas de medida.
Corrección do factor de potencia.
Caída de tensión en liñas trifásicas de corrente alterna. Realización de cálculos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Seguridade e proteccións nas instalacións eléctricas.	36

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os dispositivos de protección que cumpra empregar, en relación cos riscos e os efectos da electricidade.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Manexouse o regulamento electrotécnico de baixa tensión, e a normativa de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.
CA1.2 Recoñecéronse os inconvenientes do efecto térmico da electricidade.
CA1.3 Identificáronse os riscos de choque eléctrico nas persoas e os seus efectos fisiolóxicos, así como os factores relacionados.
CA1.4 Identificáronse os riscos de incendio por quecemento.
CA1.5 Recoñecéronse os tipos de accidentes eléctricos.
CA1.6 Recoñecéronse os riscos derivados do uso de instalacións eléctricas.
CA1.7 Interpretáronse as regras para a realización de traballos sen tensión.
CA1.8 Calculouse a sección dos condutores dunha instalación, considerando as prescricións regulamentarias.
CA1.9 Identificáronse as proteccións necesarias dunha instalación contra sobreintensidades e sobretensións.
CA1.10 Identificáronse os sistemas de protección contra contactos directos e indirectos.
CA1.11 Respectáronse os criterios de calidade.

4.5.e) Contidos

Contidos
Seguridade en instalacións electrotécnicas.
Normativa sobre seguridade eléctrica.
Efectos da electricidade nas persoas e nas instalacións.
Regras para a realización de traballos sen tensión.
Cálculo da sección dos condutores dunha instalación, tendo en conta o quecemento.
Cálculo da sección dos condutores dunha instalación, tendo en conta a caída de tensión.
Risco eléctrico: accidentes.
Proteccións en instalacións electrotécnicas e máquinas contra sobreintensidades e sobretensións.
Proteccións en instalacións electrotécnicas e máquinas contra contactos directos e indirectos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Automatismos eléctricos e montaxe de cadros.	140

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta cadros e sistemas eléctricos asociados, interpretando documentación técnica, e verifica o seu funcionamento.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Obtívose información de esbozos e esquemas de mando e manobra de cadros e sistemas eléctricos.
CA2.2 Utilizáronse programas informáticos de CAD electrotécnico para representar esquemas de mando e manobra.
CA2.3 Aplicouse a normativa electrotécnica e convencións de automatismos.
CA2.4 Relacionouse cada elemento coa súa función de conxunto.
CA2.5 Identificouse a estrutura dun sistema automático industrial.
CA2.6 Definíronse os niveis de automatización industrial.
CA2.7 Identifícaronse as tecnoloxías de automatización (con cables e programable) a nivel industrial.
CA2.8 Montáronse circuitos de mando e potencia para motores.
CA2.9 Realizáronse manobras de arranque, variación de velocidade e freada con motores.
CA2.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas.
CA2.11 Comprobouse o funcionamento da instalación.
CA2.12 Realizáronse medidas e verificacións para a localización de avarías.
CA2.13 Operouse con autonomía e destreza na manipulación de elementos, equipamentos e ferramentas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Interpretación da documentación técnica.
Control de potencia: arranque, variación de velocidade e freada de motores.
Montaxe de proteccións contra cortocircuitos e sobrecargas.
Montaxe das instalacións de automatismos. Circuitos de forza. Circuitos de mando.
Tipos de mantementos empregados en instalacións de automatismos industriais.
Verificacións eléctricas. Técnicas e equipamentos empregados segundo REBT.

Contidos

Diagnóstico, localización e reparación de avarías. Equipamentos e técnicas empregadas.

Simbología normalizada e convencionalismos de representación nas instalacións de automatismos.

Interpretación e características de esquemas eléctricos das instalacións de automatismos.

Uso de programas CAD electrotécnicos para a representación de esquemas de mando e manobra.

Estrutura dun sistema automático industrial.

Niveis de automatización industrial.

Tipos de tecnoloxías empregadas en automatización industrial.

Automatización baseada en tecnoloxía con cables.

Equipamento de cadros para automatización con cables: contactores, premedores, sensores, actuadores, etc.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Mecanizado de cadros eléctricos.	64

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Executa operacións de mecanizado de cadros, aplicando técnicas de medición e marcaxe, e utilizando máquinas e ferramentas.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a simboloxía e as especificacións técnicas nos planos.
CA1.2 Identifícanse materiais (perfis, envolventes e cadros).
CA1.3 Defínense as fases e as operacións do proceso.
CA1.4 Realízase un plan de mecanizado e montaxe.
CA1.5 Relaciónanse ferramentas, medios técnicos e de seguridade segundo o requisito de cada intervención.
CA1.6 Selecciónanse os equipamentos, as ferramentas, e os medios técnicos e de seguridade.
CA1.7 Realízanse medicións coa precisión esixida.
CA1.8 Execútanse operacións de distribución, trazado e marcaxe.
CA1.9 Operouse coas ferramentas e equipamentos de traballo característicos.
CA1.10 Execútanse as operacións de mecanizado en perfis, envolventes, cadros e canalizacións.
CA1.11 Resólvense as continxencias xurdidas.
CA1.12 Tivéronse en conta os tempos previstos para o proceso.

4.7.e) Contidos

Contidos
Organización do proceso de mecanización de cadros eléctricos.
Mecanización de cadros e instalacións.
Simboloxía normalizada de representación de pezas aplicadas á mecanización de cadros e canalizacións.
Materiais característicos para mecanización de cadros e canalizacións.
Operacións de mecanización de cadros eléctricos. Ferramentas e técnicas de utilización.
Montaxe de armarios, cadros eléctricos e canalizacións. Interpretación de esquemas, distribución e fixación de elementos.
Normativa e regulamentación.

Contidos
Temporalización.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos para acadar a avaliación positiva no módulo indícanse en cada unha das unidades didácticas, e se poden resumir expresados en forma de Resultados de Aprendizaxe (RA), nos seguintes:

- Realiza cálculos de tensións, intensidades e potencias en: circuitos de CC.
- Realiza cálculos e representacións vectoriais de tensións, intensidades e potencias en: circuitos de CA monofásicos e trifásicos.
- Relaciona correctamente magnitudes coas súas unidades.
- Mide tensións, intensidades e potencias en circuitos tanto de CC como de CA.
- Recoñece os riscos nas instalacións eléctricas, explica os seus efectos e selecciona adecuadamente os sistemas de protección.
- Realiza e monta esquemas de mando e forza de arranque, variación de velocidade e freado de motores.
- Selecciona a ferramenta máis axeitada e executa operacións de mecanizado de cadros eléctricos.

Criterios de cualificación:

- O longo da avaliación se farán tantos tarefas, prácticas e exames como sexan precisos para traballar e avaliar os RA de cada unha das unidades.
- Todos e cada un dos traballos prácticos, de forma individual e independente, serán ponderados de 0 a 10 puntos.
- Nos exercicios de cálculo e nas cuestións teóricas, se deber xustificar axeitadamente (demostración ou explicación, segundo o caso), cada resposta e os resultados obtidos en base os apuntamentos da materia.
- No caso de que unha actividade ou exercicio conste de varias subactividades ou subapartados, a súa ponderación virá reflectida nela, procedéndose logo á suma de todas as puntuacións parciais obtidas ata o valor total do exercicio o actividade.
- Ó remate da realización de cada tarefa, práctica e/ou exame é obrigatorio que o alumno/a entregue o exame, memoria da tarefa e/ou práctica individual ou grupal (segundo o caso), para a súa ponderación e cualificación, a non realización e/ou a non entrega da correspondente automaticamente terá unha cualificación de 0.
- Todos e cada un das tarefas, prácticas e exames teñen o seu peso específico na cualificación final do capítulo o que corresponden.
- A nota final do módulo elaborase a partir dos pesos específicos de cada capítulo sendo:
 - Capítulo 1 --> 17% da Nota final
 - Capítulo 2 --> 13% da Nota final
 - Capítulo 3 --> 70% da Nota final
- Emitirase unha cualificación por cada trimestre froito do proceso avaliativo ata ese momento, no que a cualificación corresponderá a ponderación proporcional da suma dos pesos específico obtidos das cualificacións dos capítulos feitos.
- Todo aquel alumno/a que sexa descuberto copiando ou alterando a obxectividade dunha proba ou traballo, dita proba ou traballo será cualificada cun 0 e notificarase a xefatura de estudos para a súa consideración e sanción se fose o caso.
- Considerarase que o alumno/a ten acadados os RA obxectivo do módulo se obtén, polo menos, unha puntuación maior o igual a 5 puntos e por tanto a avaliación terá a cualificación de APROBADA cando a nota do alumno/a é IGUAL OU SUPERIOR A 5. E terá cualificación de SUSPENSA cando a nota do alumno/a é INFERIOR A 5.
- No caso dunha cualificación de SUSPENSA o alumno/a terá que recuperar aquel/as tarefas/prácticas, exame/es da/as avaliación/óns suspensa/as (que teñan cualificación < 5), en tempo e forma establecidos na seguinte avaliación ou prazo hábil.

- No caso da docencia 100% Online os criterios de cualificación serán os mesmos que os presenciais, e o procedemento de avaliación se adaptará a docencia online a través da aula virtual e as videoconferencias mediante sistema webex.

O alumno/a, perderá o dereito a avaliación continua cando as faltas inxustificadas superen o 10 % de sesións anuais do módulo (o módulo ten 288 sesións anuais, e por tanto o 10% son 28,8 sesións, 29 sesións redondeando), sempre e de forma previa cando o alumno/a supere o 6 % de faltas de asistencia inxustificadas (17,28 sesións, é dicir 18 sesións), o seu titor llo comunicará e informará da situación na que se atopa, así como da posibilidade que de continuar cas faltas de asistencia inxustificadas conlevará á perda do dereito de avaliación continua ó superar o 10% das sesións do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de non obter unha puntuación suficiente nunha avaliación, o alumno/a terá que realizar actividades de recuperación de forma individual e sempre co apoio e a orientación do profesor/a, de aquela/as actividades que non acadasen unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Estas actividades terán o mesmo carácter que as empregadas no proceso avaliativo xeral, aínda que centrándose nos puntos febles das capacidades do alumno/a, e mesmo poderán ter un carácter distinto en función das súas necesidades específicas.

A nova cualificación procederá do recálculo das cualificacións das avaliacións cas novas cualificacións obtidas polo alumno/a daquelas actividades que no seu momento non foron superadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos/as cun número de faltas de asistencia superior ao 10% da duración total do módulo, é dicir, con máis de 29 faltas de asistencia, sendo cada sesión de 50 minutos, perderán o dereito á avaliación continua.

Para obter unha cualificación final, terán que realizar unha proba teórico-práctica do mesmo carácter que as realizadas no proceso avaliativo ordinario e baseada nos criterios de avaliación indicados nas unidades didácticas que nos permita comprobar que o alumno/a ten acadados os resultados de aprendizaxe do módulo.

As probas finais e extraordinarias farase mediante dúas probas individuais e independentes que comprenderá os seguintes criterios:

- Proba Escrita Teórica: composto por un conxunto de cuestións de desenvolvemento curto ou longas ca súa xustificación, nas que a súa puntuación parcial figurará o seu lado, sobre os contidos teóricos impartidos durante o curso lectivo.
- Proba Escrita Práctica: Versará na realización de oito exercicios (resolución de esquemas electrónicos e a súa execución práctica, análise do seu funcionamento, realización de medidas eléctricas fundamentais e a súa comparación cos resultados do cálculo eléctrico analítico correspondente, etc.). A puntuación parcial de cada exercicio figurará o seu lado. Os exercicios versarán sobre os contidos prácticos impartidos e realizados durante o curso lectivo.

- Cada unha de estas Probas terá unha cualificación entre 0 e 10 puntos, sendo a cualificación da proba escrita teórica independente da cualificación da proba escrita práctica.

- Ambas probas se realizarán no mesmo día e cunha duración adecuada para a súa execución.

- Cada proba terá unha cualificación de APROBADA cando a nota é IGUAL OU SUPERIOR A 5.

- O Módulo terá a cualificación de APROBADO cando a nota do alumno/a é IGUAL OU SUPERIOR A 5. E terá cualificación de SUSPENSA cando

a nota do alumno/a é INFERIOR A 5.

Para o cálculo da cualificación final do módulo:

$$\text{Cualificación Módulo} = 40\% \text{ Cualificación da Proba Escrita Teórica} + 60\% \text{ Cualificación da Proba Práctica}$$

A proba extraordinaria para os alumnos con perda do dereito a avaliación continua comunicárase aos alumnos no taboleiro de anuncios do centro, expoñendo a data, hora e lugar de realización da proba. Así mesmo e sen carácter oficial e vinculante, se procederá facer a mesma publicidade desta proba na Paxina Web e/ou na Aula Virtual do Módulo e na porta da aula.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farase un seguimento da programación mensualmente consistente na análise das unidades didácticas impartidas na aula con respecto ao programado ao inicio do curso e establecendo as correccións necesarias, se fora o caso.

A avaliación da práctica docente farase desde dúas vertentes:

- De xeito persoal, analizando con sentido crítico a marcha do curso e os resultados obtidos por parte do alumnado.
- Sometendo a práctica docente á opinión do alumnado mediante enquisas trimestrais.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial do alumnado co obxecto de coñecer a súa formación previa e as súas características, así como as súas capacidades e necesidades.

Para iso, os alumnos/as cubrirán un modelo sobre cuestións xenéricas sobre electricidade, matemáticas e cuestións persoais (estas últimas serán tratadas ca estrita confidencialidade e só para fines educativos).

Este modelo será completado e contrastado polo profesor/a, en base á observación do alumnado durante a realización das actividades que leven a cabo nas primeiras semanas do curso e en base á súa experiencia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

En todos os grupos de alumnado preséntanse inquietudes e necesidades educativas moi diversas; a atención á diversidade é a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensino e aprendizaxe.

Para atender estas necesidades, aplicaranse as seguintes medidas:

- Emprego de enfoques diversos: procurarase adaptar a forma de presentar os contidos e actividades en función dos distintos graos de coñecementos e capacidades previos detectados nos alumnos-as, dos seus diferentes graos de autonomía e das dificultades identificadas en actividades anteriores.
- Propor actividades diferentes: estas poden ser de menor complexidade (actividades de reforzo) ou de maior complexidade (actividades de ampliación). Estas actividades só se poderán concretar unha vez coñecidas as necesidades específicas do alumnado.
- Emprego de materiais didácticos non homoxéneos: os materiais empregados ofrecen unha ampla gama de posibilidades didácticas que

responden a diferentes necesidades de aprendizaxe.

En calquera caso, os contidos considéranse suficientemente flexibles para permitir adaptacións apropiadas a cada caso ou a cada grupo concreto.

En casos de alumnos/as con necesidades educativas especiais, unha vez detectadas estas e trala realización da avaliación inicial, seguirase o procedemento de solicitude de flexibilización modular sempre tendo en conta o informe proporcionado polo Departamento de Orientación e a súa colaboración.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro do módulo, trataranse os temas transversais seguintes:

- Educación para a saúde: Traballarase a atención e respecto das normas de uso e seguridade de ferramentas e máquinas, así como a orde e limpeza do posto de traballo.
- Educación moral e cívica: Traballarase o fomento de actitudes de respecto cara ás persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas, valorando o pluralismo e a diversidade.
- Educación para a paz: Traballarase a actitude fronte ao conflito, vendo este como un proceso natural e consustancial á existencia humana que, ben canalizado, axuda a clarificar intereses e valores, converténdose entón nun proceso creativo.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos: A idéntica dedicación e trato a ambos os sexos evitando actitudes protectoras cara ás alumnas e asignando tarefas en función das capacidades individuais do alumno-a sen ter en conta o seu sexo, servirán de exemplo e base para consolidar esta igualdade.
- Educación medioambiental e do consumidor: Potenciaranse actitudes persoais de aproveitamento de recursos tanto materiais como enerxéticos na aula.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse visitas e saídas a campo para a observación directa das instalacións reais relacionadas co módulo.

10. Outros apartados

10.1) Cláusula COVID

Ca finalidade de adaptar o contexto educativo a realidade actual da situación de Pandemia causada pola COVID-19, o curso 2021/2022 se desenvolverá indistintamente en calquera dos tres posibles escenarios educativos que poidan presentarse ó longo do curso:

1. 100% Presencial
2. Semipresencial
3. 100% a Distancia

Estes escenarios educativos serán os que dite a Consellería de Educación de Galicia e as Autoridades Sanitarias, baixo os criterios fixados para elo para toda á comunidade educativa ou para aqueles casos particulares dos alumnos/as que se atopen nesta situación específica.

Sendo así, a docencia e avaliación se axustarán ó contexto educativo, tendo en conta que:

A. No escenario 100% presencial serán axustados as necesidades e capacidades dos alumnos.

B. Se axustarán:

B.1. No caso de desenvolverse o escenario "Semipresencial", se procurará que as actividades e as probas (teóricas e/ou prácticas), se fagan naqueles días nos que o alumnado reciba a docencia presencial.

B.2. No caso de desenvolverse o escenario "100% Online", se adecuarán e axustarán o conxunto de actividades e probas (teóricas e/ou prácticas), ó contexto online para que os alumnos poidan realizalas en igualdade de oportunidades que no resto de escenarios educativos. Para elo se dotará, por parte da Consellería de Educación de Galicia, de conexión a internet e/ou PC/Portátil a aqueles alumnos que non dispoñan de medios suficientes para seguir esta modalidade de ensinanza, ata que poidan regresar de xeito oficial a formación 100% presencial.